



Este sábado celébrase o festival de artes escénicas da AELG

- 17 NOVEMBRO 2021
- POR ERREGUETÉ



'museo-viveiro', vídeoperformance de Helena Salgueiro | Fotografía de Marcos Montiel

As xornadas da Sección de Literatura Dramática da [AELG](#) naceron con vocación de poñer en foco unha das manifestacións artísticas máis senlleiras e estratéxicas dun sistema literario e dunha cultura de seu.

Desde sempre, as artes vivas, especialmente o teatro e tamén a danza, utilizan o movemento, a emoción e, en moitos casos, a acción verbal, a palabra, para contestar, reivindicar, apuntar ou interrogar á comunidade que congregan sobre aspectos fundamentais da actualidade.

Este ano 2021, despois de confinamentos e restricións a causa da pandemia, decidiron “xogar todas as cartas á aposta pola creación escénica”.

Con esa intención celebran o **IV Festival Pezas dun Teatro do Porvir, Galiza + Portugal**. Un evento que procura servir como viveiro e estímulo para as creadoras e creadores que, nestes momentos, están a escribir ou a bosquejar algún tipo de peza para os palcos.

O evento ten a vontade de facilitar, visibilizar, abrir espazos de encontro para compartir eses procesos de creación e para atopar unha complicidade e un diálogo que poida potenciar esas pezas en construción. Ademais, quere procurar o diálogo coas inquiredanzas que, neste ámbito, se poden compartir coas dramaturgas e dramaturgos de Portugal, reforzando os lazos de irmandade que se remontan á orixe común da nosa lingua.

Textualidades que soben aos escenarios, de maneira directa ou indirecta, en pezas de danza contemporánea, en pezas teatrais ou en propostas híbridas achegadas á performance, desde o concepto compositivo das dramaturxias posdramáticas.

Todo isto aberto ao público que desexe gozar e descubrir o que se está a cocer no ámbito das escénicas. O evento vai estar acompañado por un dos directores máis relevantes do teatro contemporáneo portugués, Gonçalo Amorim, quen ademais ofrecerá unha aula maxistral sobre os retos das [artes escénicas](#) no actual contexto.

PROGRAMA

SÁBADO 20 DE NOVEMBRO

No Forum Metropolitano da Coruña ([Rúa Río de Monelos, 1](#))

– 09:45 h. Apertura da IV Xornada.

IV [Festival Pezas dun teatro do porvir](#), Galiza + Portugal. Procesos abertos de escrita dramática (mañá).

– 10:15 h. *Retake*, de Amparo Martínez Paz.

– 11:00 h. *Efecto flash*, de [Ana Abad de Larriva](#).

– 11:45 h. *Humanocrono*, de Susana Lorenzo Vázquez.

– 12:30 h. Aula maxistral a cargo de Gonçalo Amorim. Director artístico do FITEI, Festival Internacional de Teatro de Expressão Ibérica (Portugal) e director teatral do TEP (Teatro Experimental do Porto). “Festivais e teatros en tempos de distancias sanitarias”.

IV Festival Pezas dun teatro do porvir, Galiza + Portugal. Procesos abertos de escrita dramática (tarde).

– 16:30 h. *Ditados ou o ter de acabar*, de Isabel Milhanas Machado.

– 17:15 h. *Raigame*, de Sara Guerrero Alfaro.

– 18:00 h. *Meu rei*, de Daniel González Lamoso.